

Lembranza da boíña

Marchaches caladiña, amodiño,
na noite quente dun doce verán.
As campás soaban no camiño,
mais ti querías aínda quedar.

Coas túas máns fixeches a vida
coidaches da casa con todo o querer.
Loitaches no día a día sen medida
sempre pensando en poder vencer.

Os teus ollos eran fillos e netos,
por eles fixeches todo e mais.
Sempre estabas para eles,
con amor que nunca se vai.

Por iso, boíña con alma sincera,
lévote sempre na miña canción.
A túa lembranza será lixeira
que me acompaña no meu corazón.

Enma Fernández Souto